

*Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno para o mércores, 17 de abril de 2024, ás 14.00 horas.*

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Xunta de Goberno deberá realizar sesión ordinaria cunha periodicidade semanal.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno, nos seguintes termos:

**DÍA:** 17 de abril de 2024

**HORA:** 14:00 horas en primeira convocatoria\*

**LUGAR:** Sala de Xuntas do Pazo Provincial

\* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente unha (1) hora despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

#### **1. 2024/13J/XGL PRESIDENCIA**

Aprobación da acta da sesión anterior, ordinaria, do día 8 de abril de 2024.

#### **2. 2024/5636R PRESIDENCIA**

Aprobación das bases reguladoras e convocatoria de concesión de bonificacións a entidades polo uso das instalacións do Pazo dos Deportes “Paco Paz” durante a tempada 2023-2024.

#### **3. 2024/714R PRESIDENCIA**

Resolución do concurso para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2024.

#### **4. 2023/17944P PRESIDENCIA**

Modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais

do exercicio 2024 en relación con actuacións no Concello de Boborás.

**5. 2023/18024L PRESIDENCIA**

Modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais do exercicio 2024 en relación con actuación no Concello de Leiro.

**6. 2023/18052R PRESIDENCIA**

Modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais do exercicio 2024 en relación coa actuación no Concello de Punxín.

**7. 2023/18086N PRESIDENCIA**

Modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais do exercicio 2024 en relación con actuación no Concello de San Cibrao das Viñas.

**8. 2023/3575S PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello de Cortegada para expropiación para instalacións e actividades de ocio da zona termal.

**9. 2023/15707W PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello de Esgos para instalación de pista deportiva de pádel descuberta no núcleo de Esgos.

**10. 2024/2688C PRESIDENCIA**

Subvención a favor da Escudería Ourense para celebración do Rally Ourense, correspondente ao exercicio 2024.

**11. ASUNTOS DE URXENCIA.**

**12. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

**13. ROGOS E PREGUNTAS.**

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.

